

O MdPS EN CLAVE DE XÉNERO

OFICIOS NA COMPOSTELA MEDIEVAL E MODERNA:

A cidade medieval crece e con ela desenvólvense os gremios e oficios, moi importantes na evolución da urbe compostelá deixando impronta incluso na propia toponimia. En Santiago, entre outros, teñen moita forza os gremios dos prateiros, acibecheiros e dos gravadores.

Grazas aos estudos de historiadoras como Ofelia Rey Castelao, Serrana Rial García ou María del Carmen Pallares Méndez podemos dar nome a moitas das mulleres que traballaban nas cidades e son rescatadas da documentación histórica. Testemuñar o traballo que desenvolven as mulleres no ámbito urbano é moito máis doado que no rural posto que hai moita máis documentación que deixa rastro escrito disto (Rey Castelao e Rial García, 2009, 119).

Que actividades desenvolvían as mulleres? Aínda que o servizo doméstico foi a principal ocupación das mulleres nos núcleos urbanos, solteiras na súa maioría e de extracción social humilde, «case non existe oficio no que non as atopemos, exercían como carniceiras, tendeiros, ferraxeiras, fabricantes de redes, zapateiras, camiseiras, encadernadoras, douradoras, pintoras, fiandeiras de seda e bordadoras, así como salgadeiras, forxadoras e ourives» (Pallares Méndez, 1993, 122). Os oficios que máis adoitaban desenvolver, e algúns deles case en monopolio, son os relacionados coa confección, coa alimentación e coa hostaleira como mesoneiras e nas pousadas, como lavadeiras, planchadoras e cociñeiras. (Pallares Méndez, 1993, 122).

As mulleres estaban tamén presentes entre o proletariado comercial, sendo moitas delas propietarias de negocios por herdanza (Rey Castelao e Rial García, 2009, 126). Elas non fundaron o negocio pero si o mantiñan (Rey Castelao e Rial García, 2009, 126). Nun banzo intermedio estaban as tendeiros e pequenas comerciantes, máis acomodadas que as clases traballadoras. O proletariado comercial estaba formado por taberneiras, recateiras e algunhas tendeiros pequenas (Rey Castelao, 2009, 127).

Atopábanse xeralmente con algúns impedimentos legais, en especial coas restricións gremiais. Ao entraren no gremio as mulleres están sometidas ás mesmas obrigas que os homes (Pallares Méndez, 1993, 122), aínda que a presenza do traballo artesán feminino en época medieval non está carente de reticencias. A razón principal desta hostilidade era a competencia que presentaban. As condicións de desigualdade non son moi diversas das de hoxe en día, con xornais máis baixos polo mesmo traballo. Nas ordenanzas do gremio de acibecheiros de Santiago as mulleres son nomeadas como mestras oficiais e de aprendices con capacidade para contrataren persoal asalariado. En calidade de confrades as mulleres están afectadas polas normas correspondentes, igual que os homes (Pallares Méndez, 1993, 122).

SELECCIÓN DE PEZAS:

ACIBECHE



Nº Inv. 10

Título: figa de man esquerda

Obradoiro compostelán

Contexto: s. XVIII – XX

Localización: segundo andar. A cidade de Santiago. Desenvolvemento urbanístico e económico

Polo que respecta ao gremio dos acibecheiros temos documentación escrita da súa regulación. A partires de 1443 se lles permitiu ás viúvas entrar no gremio e ter tenda aberta mentres non se casasen con home doutro oficio. En xeral as normas gremiais endurecéronse entre 1580 e 1620 no referente ao aprender o oficio, deixándoas fora (Rey Castelao, 2009, 121).

Nas ordenanzas do gremio de acibecheiros de Santiago as mulleres son nomeadas como mestras oficiais e de aprendices con capacidade para contrataren persoal asalariado. En calidade de confrades as mulleres están afectadas polas normas correspondentes, igual que os homes (Pallares Méndez, 1993, 122).

COMERCIO EN COMPOSTELA EN ÉPOCA MEDIEVAL E MODERNA



Nº Inv. D-800.8761/692/A-C

Título: fragmento de prato

Obradoiro de Talavera de la Reina (Toledo)

Contexto: Idade Moderna

Material arqueolóxico: casa do Deán, rúa do Vilar 1 (Santiago de Compostela).

Fragmento de prato que probablemente formase parte dunha peza producida nos obradoiros oleiros de Talavera. As louzas de Talavera de la Reina terán en época moderna gran difusión en España, Europa e América, desde os seus comezos a finais do primeiro cuarto do século XVI hasta a chegada de José Causada en 1750 que

introducirá en Talavera as formas e motivos da Real Fábrica de Alcora (Portela Hernando 2011: 119).

As mulleres estaban presentes entre o proletariado comercial, sendo moitas delas propietarias de negocios por herdanza (Rey Castelao, 2009, 126). Neste caso, destacamos a figura de dona Josefa Martínez de Palacios en 1753, boticaria, e tamén mercadeira de vidros e Talaveras (Rey Castelao e Rial García, 2009, 127), como as que temos expostas no Museo das Peregrinacións e que aparecen con relativa abundancia nos contextos modernos arqueolóxicos de Compostela.

Bibliografía de referencia:

PORTELA HERNANDO, D. 2011: «Loza estannífera decorada de los siglos XVI al XVIII en la Meseta Central: Talavera de la Reina, Puente del Arzobispo y Toledo» en *Manual de cerámica medieval y moderna*, Jaume Coll Conesa coord., 117 - 201.

REY CASTELAO, O. e RIAL GARCÍA, S. 2009: *Historia de las mujeres en Galicia. Siglos XVI al XIX*, Nigratea.

BIBLIOGRAFÍA CITADA:

PALLARES MÉNDEZ, 1993: *A vida das mulleres na Galicia medieval (1100-1500)*, Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela.

PORTELA HERNANDO, D. 2011: «Loza estannífera decorada de los siglos XVI al XVIII en la Meseta Central: Talavera de la Reina, Puente del Arzobispo y Toledo» en *Manual de cerámica medieval y moderna*, Jaume Coll Conesa coord., 117 - 201.

REY CASTELAO, O. e RIAL GARCÍA, S. 2009: *Historia de las mujeres en Galicia. Siglos XVI al XIX*, Nigratea.